



FACULTADE DE CIENCIAS

**PLAN
de
CAPTACIÓN DE ESTUDANTES**

Curso 2024-25

Setembro 2024

ÍNDICE

1.- Obxectivos do Plan.....	2
2.- Unidade organizativa responsable	2
3.- Cargo responsable	2
4.- Actividades de Captación – Graos	2
4.1.- Titulacións afectadas.....	2
4.2.- Destinatarios	2
4.3.- Planificación de actividades	3
4.4.- Recursos necesarios	7
4.5.- Indicadores de seguimento	7
5.- Actividades de Captación – Mestrados	7
5.1.- Titulacións afectadas.....	7
5.2.- Destinatarios	7
5.3.- Planificación de actividades	8
5.4.- Recursos necesarios	8
5.5.- Indicadores de seguimento	9

1. Obxectivos do Plan.

Co obxectivo de captación de estudantado para as titulacións que se imparten no Centro, ao longo do curso 2024-2025 realizarase unha nova campaña de promoción e divulgación dos graos e mestrados que se imparten na Facultade de Ciencias acordes co perfil definido e a oferta de prazas de cada titulación.

2. Unidade organizativa responsable.

Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias.

3. Cargo responsable

Responsable de Calidade da Facultade de Ciencias.

Outros responsables implicados:

- Decana da Facultade.
- Vicedecano da Facultade.
- Vicedecano da Facultade.
- Coordinador do Programa A Ponte da Facultade de Ciencias.
- Coordinadores de grao e mestrado.
- Coordinador de Calidade da Facultade de Ciencias.

4. Actividades de Captación – Graos

4.1.- Titulacións afectadas

As actividades programadas estarán dirixidas á captación de estudantes para as titulacións de grao que se imparten na Facultade:

- Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais.
- Grao en Nutrición Humana e Dietética.
- Grao en Bioquímica.

4.2.- Destinatarios

Os destinatarios das actividades realizadas serán os estudantes de ensinanza secundaria.

4.3.- Planificación de actividades.

Primeiro semestre

a) Contactos cos institutos de ensinanza secundaria para asistencia de profesores da Facultade ós mesmos.

Contactarase cos institutos de ensinanza secundaria para ofertar a posibilidade de asistencia de profesores da Facultade aos IES, a maiores das charlas temáticas que xa se están realizando, por parte do noso profesorado, no marco do programa A Ponte.

b) Planificación da campaña de promoción das titulacións de grao nos Institutos e Colexios.

Realizaranse as reunións necesarias para planificar o desenvolvemento das xornadas e charlas con obxecto de promocionar as titulacións da Facultade. Contarase co persoal implicado nas mesmas para concretar as datas, organizar horarios, actividades, rotacións de grupos de estudantes e unificar criterios de realización das actividades. A coordinación destas actividades será desenvolvida polo Coordinador do Programa a Ponte da Facultade coa colaboración dos responsables implicados neste Plan e seguindo as instrucións da Coordinadora do programa A Ponte para o campus de Lugo.

c) Realización das xornadas “USC Camiña. Xornadas de achegamento á USC”

As xornadas “USC Camiña. Xornadas de achegamento á USC” consistirán nunha actividade itinerante que se irá desenvolvendo polas distintas comarcas de Galicia. Esta mostra se levará a cabo en combinación cos “Encontros na Zona USC”. A Facultade de Ciencias participará nestas feiras, adaptándonos ao programa de visitas en canto estea dispoñible.

Estas xornadas teñen como obxectivo promocionar e divulgar as titulacións que se imparten na Facultade. Consistirán no desprazamento de membros do equipo decanal, que se situarán nun posto informativo sobre as titulacións de grao e mestrado. Tamén se facilitará información sobre a investigación desenvolvida na Facultade pero tamén, dos diferentes servizos que forman parte da vida universitaria. A divulgación terá como principal destinatario ao estudantado de ensino secundario. Se empregarán ferramentas de difusión como vídeos proxectados coa axuda dun canón e ordenador portátil ase como paneis de grandes dimensións (tipo *roll-up*) e a preparación de pequenos obradoiros de carácter experimental.

As actividades se levarán cabo de xeito presencial durante todo o curso académico, aínda que as ferramentas telemáticas se seguirán empregando como forma de difusión das titulacións.

b) Participación en outras actividades de difusión de titulacións e divulgación científica

A participación das xornadas no ámbito da difusión de titulacións e da divulgación científica é fundamental para se coñeza de forma directa a oferta académica, tanto de grao como de mestrado, da Facultade de Ciencias. Por exemplo, contémlase a posibilidade de que a Facultade estea presente nas Feiras de Educación e Emprego, organizadas pola Xunta de Galicia.

Segundo semestre

a) Reunión con directores e orientadores de ensino medio.

Estas reunións informativas levaranse a cabo empregando a Plataforma Teams e por vía telefónica e servirán para promocionar as titulacións do centro, e de xeito preferente aquelas que comezaron recentemente a súa implantación e as que teñen dificultades para cubrir a súa oferta de prazas.

b) Tratar de fomentar a participación da Facultade noutras feiras e xornadas de orientación universitaria.

Tratárase de continuar coa participación neste tipo de xornadas xa que segue sendo fundamental para dar a coñecer de xeito directo a oferta académica do noso Centro e as súas vantaxes respecto ao resto de titulacións da mesma rama de coñecemento que se imparten no SUG.

Por exemplo, contémlase a posibilidade de que a Facultade estea presente novamente nunha das cidades seleccionadas (Lugo) para a iniciativa baseada no acercamento da educación superior ao estudantado de ESO y BAC que organiza a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

c) Participación nos ENCONTROS na Zona USC no Campus de Lugo.

Neste curso académico e con respecto as Xornadas de Portas Abertas da Facultade de Ciencias, celebraránse de xeito normal (presencial). Con todo, si estimamos se celebrarán os Encontros na Zona USC organizados polo Programa “A Ponte entre o ensino medio e a USC” da Universidade de Santiago de Compostela, coa presentación das titulacións do Centro e as súas instalacións. Tamén, tratarase de incorporar actividades de ciencia

recreativa ou talleres que podan levar a cabo os estudantes na casa. Este tipo de actividades leváranse a cabo sempre de xeito presencial. A presencialidade é fundamental de cara á comunicación co estudantado xa que esixe unha maior implicación do estudante.

Todas as actividades para este curso académico serán organizadas de forma presencial e manterase o contactos con centros de ensino e institutos mediante a impartición de diversas Charlas Temáticas durante os meses de febreiro e marzo a algúns centro de ensino secundario por parte da coordinadora do programa A Ponte. Se pretende que estas charlas sexan impartidas de xeito presencial. O profesorado responsable de ditas charlas temáticas é o seguinte: Eugenio Fernández Carrasco; Enrique M. Cabaleiro Lago, Ramiro Barcia Vieitez, Francisco Fraga López e Asteria Luzardo Álvarez. Por outra parte, serán Mercedes Novo Rodríguez e Carlos Herrero Latorre os responsable de impartir as charlas informativas da USC e ABAU.

Tamén, coa finalidade de captar estudantado novo e dirixidas ao estudantado de bacharelato, levaranse a cabo diversas sesións de videoconferencia onde se pretende presentar cada unha das titulacións da Facultade de Ciencias así como resolver dúbidas e inquiredanzas dos estudantes interesados que participen nestes encontros. Estes Encontros Virtuais terán lugar en marzo, aínda que os días exactos están sen especificar. Aínda que non son moi frecuentados polos estudantes, é unha ferramenta de baixo custo que se pode levar a cabo desde a propia Facultade polo que se decidiu mantelo.

De acordo co programa *Encontros*, as actividades estarán condicionados polas preferencias do estudantado visitante e maila orientación do profesorado dos centros de ensino secundario. Con todo, neste curso 2024-25 tratarase de programar itinerarios alternativos e mais atractivos no noso centro que logren chamar a atención e motivar a este estudantado de secundaria de cara á súa captación como futuros estudantes do noso centro. Entre outras, elaboraranse presentacións feitas en vídeo dunha maneira mais técnica pero cos contidos elaborados e revisados polos coordinadores de cada grao. Prevese que estas actividades se leven a cabo o 14 e 15 de abril do 2024 para as titulacións do campus de Lugo.

Neste programa *Encontros na USC*, a organización será compartida xunto coa coordinadora do Programa a Ponte para o Campus de Lugo (Diana Fernández Méndez) e o delegada do Reitor para o ensino medio (María Teresa Flores Arias) mediante reunións periódicas no campus de Lugo e por vía telemática.

Estímase que asistirán varios centros de ensino secundario á Facultade de Ciencias, en varias quendas, que dependerán das preferencias dos estudantes, polo que se prevé que algunha das visitas sexan compartidas co outros centros do campus.

d) Realización das xornadas “USC Camiña. Xornadas de achegamento á USC”

As xornadas “USC Camiña. Xornadas de achegamento á USC” que teñen como obxectivo promocionar e divulgar as titulacións que se imparten na Facultade, se levarán cabo no segundo semestre de xeito presencial. Así, a proposta será a celebración destas xornadas mediante visitas as instalacións da Facultade de Ciencias do estudantado dos diferentes centros de ensino secundario, e orientado aos últimos cursos da ESO e os cursos de BAC. Está prevista ademais a organización de mesas redondas en torno ás titulacións ao cargo de estudantado colaborador co programa A Ponte. Asemade, e como novidade, estase a organizar nas dependencias da Biblioteca Intercentros, unha mostra con postos informativos con actividades prácticas sobre as titulacións de grao e mestrado da USC e os diferentes servizos relacionados coa vida universitaria (voluntariado e igualdade, residencias universitarias, cultura, biblioteca, linguas, mobilidade, deportes, investigación, etc).

e) Participación no programa STEMBACH Bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía do IES Lucus Augusti e o IES Ollos Grandes de Lugo na súa edición 2022-2024.

Profesorado da Facultade de Ciencias pertencente aos Departamentos de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía, Microbioloxía e Física Aplicada continuará participando ao longo da edición 2023-25 no Bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía STEMBACH impartido no Instituto de Ensino Secundario Lucus Augusti e Nosa Señora dos Ollos Grandes da capital lucense, como titores universitarios. O profesorado da Facultade impartirá diversas conferencias no marco deste programa de excelencia ao longo do curso 2024-25, e titorizará os preceptivos traballos de investigación que o estudantado adscrito debe presentar ao longo deste curso académico. Asemade, o estudantado STEMBACH dos Institutos mencionados realizará diversos traballos prácticos nos laboratorios da Facultade como complemento á labor docente desenvolvida ao abeiro deste programa.

f) Outras feiras e salóns da oferta educativa.

Tamén para o segundo semestre, se contempla a posibilidade de que as titulacións de grao e posgrao da Facultade de Ciencias podan estar presentes nos diversos salóns de oferta educativa e orientados aos estudantes. Así, mediante estas campañas de captación de estudantes, preténdese unha maior difusión entre os potenciais estudantes doutras comunidades autónomas e internacional.

g) Recoñecemento aos mellores expedientes de FP.

Se contempla tamén facer un acto de entrega aos mellores expedientes de estudos de Formación Profesional a principios de xuño coa colaboración do delegado do Reitor para o ensino medio.

4.4.- Recursos necesarios

Recursos Humanos

Os recursos humanos necesarios serán o persoal da Facultade que vai participar nas diferentes actividades propostas. Como se veu facendo en anos anteriores, solicitarase a colaboración do persoal da Facultade (PDI e PAS) así como dos Estudantes Titores.

Recursos Materiais

Os recursos materiais requiridos estarán baseados principalmente nos recursos humanos da Facultade así como documentación informativa sobre as titulacións do centro en formato virtual (vídeos locutados, vídeos das instalacións en 3D, charlas por vía telemática, etc).

4.5.- Indicadores de Seguimento.

Os indicadores que se empregarán para seguir o desenvolvemento do Plan de Captación de Estudantes referido as titulacións de grao serán o *número de estudantes/centros de ensino medio participantes* nas diferentes actividades, así como o *número de actividades desenvoltas ou nas que a Facultade de Ciencias participe* ó longo do curso.

5. Actividades de captación – Mestrados

5.1.- Titulacións afectadas

As actividades desenvolvidas estarán dirixidas á captación de estudantes para as titulacións de Mestrado que se imparten na Facultade:

- Mestrado en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias (MINSTA).
- Máster Universitario en Biociencias Moleculares (MBM). Dada a recente implantación deste máster intercentros, xunto coa Facultade de Bioloxía no campus de Santiago, se levará a cabo tamén a súa promoción.

5.2.- Destinatarios

Estudiantes de últimos cursos dos centros universitarios do SUG e titulados en xeral con titulacións de acceso aos mestrados que se imparten na Facultade.

5.3.- Planificación de actividades

a) Promoción dos mestrados na propia Facultade de Ciencias

Faranse actividades de promoción do MINSTA entre o estudiantado dos últimos cursos correspondentes aos graos que se imparten no centro con información sobre os seus contidos e as súas saídas profesionais. Por outra banda, e tendo en conta a implantación de este máster intercentros, se dará difusión do Máster entre os egresados das titulacións ao que vai dirixido.

b) Promoción dos mestrados nos centros universitarios do Campus de Lugo

Faranse actividades de promoción do MINSTA e do MBM entre o estudiantado de últimos cursos dos centros universitarios do Campus Terra, con especial incidencia naqueles centros que dispoñen de titulacións contempladas na admisión dos estudos de mestrado que se imparten na Facultade.

c) Presentación do MINSTA e do MBM nas campañas de promoción de mestrados levadas a cabo pola USC

Os mestrados do noso Centro estarán presentes nas actividades de promoción específicas levadas a cabo polas USC, tales como presentación da oferta, presenza en feiras, etc.

5.4.- Recursos necesarios

Recursos Humanos

Para participación na difusión e actividades de promocións dos mestrados solicitarase a colaboración do persoal do centro (PDI, PAS). Non obstante estarán implicados de xeito mais directo o equipo de dirección da Facultade e os coordinadores dos mestrados.

Recursos Materiais

Para a difusión e información das titulacións elaborárase o seguinte material e documentación:

- Presentacións dirixidas ao diferente tipo de estudiantado potencial en función do súa procedencia.

- Documentación de apoio, trípticos informativos, pósters, etc.
- Microsoft Teams: Plataforma de Microsoft, que permite ademais de presentar información en tempo real, manter un chat cos estudantes ao mesmo tempo de xeito que o estudantado interesado poden acceder ao chat e atopar a información nun mesmo lugar.
- Para este curso 2024-2025, tamén se pretende a elaboración, coa colaboración do campus Terra en medios materiais e recursos, a elaboración de videos de calidade técnica coa finalidade de obter unha maior proxección das titulacións do campus Terra no seu conxunto ase como tamén o emprego de redes sociais ou páxinas web asociadas ao campus Terra.

5.5.- Indicadores de seguimento

Os indicadores que se empregarán para seguir o desenvolvemento do Plan de Captación de Estudantes referido as titulacións de mestrado serán o *número de estudantes participantes* nas diferentes actividades, así como o *número de actividades desenvoltas ou nas que a Facultade de Ciencias participe* ao longo do curso.